

V NADA E CORRE CONCELLO DE CARBALLO (Grupo 4 -Zona A Coruña/Carballo)

REGULAMENTO

ORGANIZAN:

Federación Galega de Triatlón e Péntatlon Moderno.
Concello de Carballo.
Carballo Deporte.
Agrupación Deportiva Fogar da Xuventude.

COLABORAN:

Protección Civil de Carballo.
Policía Local de Carballo.
Gadis.
Secretaría Xeral para o Deporte

DATA, HORA E LUGAR:

Domingo 12 de decembro de 2021
Complejo Deportivo Carballo Calero, Rúa Carballo Calero s/nº
Quecemento probas natación: 09:00hs.
Inicio probas natación: 10:00hs.
Inicio probas carreira a pé: 12:00hs.

SECRETARÍA COMPETICIÓN:

Piscina Municipal Carballo Calero (Zona Bergantiños).

PARTICIPANTES GRUPO 4:

AD Fogar, CT Oleiros, AD Media Ducia, C. Hércules Termaria, CN Liceo, CT Coruña, CT Arteixo, Independiente.

PROBAS E HORARIOS:

CATEGORIAS	ANOS	PROBAS NATACION	*HORARIOS	PROBAS CARREIRA	*HORARIOS
PREBENXAMIN	2014-2015	25 m	10:00 hs	250 m	12:00 hs
BENXAMIN	2012-2013	50 m	10:15 hs	500 m	12:15 hs
ALEVIN	2010-2011	100 m	10:30 hs	500 m	12:30 hs
INFANTIL	2008-2009	200 m	11:00 hs	1000 m	12:45 hs
CADETE	2006-2007	300 m	11:45 hs	1500 m	13:00 hs

*HORARIOS APROXIMADOS

INSCRICIÓNS:

Data límite o martes día 7 de decembro de 2021.

DEPORTISTAS CON LICENZA EN VIGOR: Formalizárase a través da páxina Web: www.fegatri.org, dentro do apartado <https://fegatri.org/inscricions/>, accedendo á proba de referencia.

DEPORTISTAS SEN LICENZA EN VIGOR. (LICENZA TEMPORAL DE 1 DÍA)

A inscrición realizarase on-line, a través da web da Federación Galega de Triatlón e Péntatlon Moderno www.fegatri.org, no apartado Competicións: Regulamentos/Inscricións. Picar sobre a carreira e ir ó enlace de INSCRICIÓN. O pago faise a través de TPV. **Para validar a inscrición é imprescindible o envío da copia do DNI en vigor e formulario de autorización de protección de datos a través da plataforma co DNI de quen autorice a mesma** <https://fegatri.org/wp-content/uploads/2021/09/Ficha-menores-de-14-anos-act-xogade.docx>

Custe licenza temporal de 1 día menores: 6 euros.

TEMPOS DE NATACIÓN

Para poder validar a inscrición na proba, será obrigatoria a introdución dos tempos de natación, na distancia correspondente, para elaboración das series (minutos e segundos no formato (0000). O tempo introducirase só cos catro díxitos seguidos. Dous díxitos de minutos e dous díxitos de segundos a continuación sen ningún tipo de puntuación)

TÉCNICO/A RESPONSABLE

Cada club deberá designará un Técnico/Delegado, con licenza federativa que será o/a responsable do Club fronte a calquera incidencia da competición. A inscrición realizarase a través da plataforma de inscricións.

COMUNICACIÓN DE BAIXAS E POLÍTICA DE DEVOLUCIÓNS:

Estas deben ser comunicadas a FEGATRI antes das 16:00 horas do xoves anterior á proba (9 de decembro de 2021). As baixas non comunicadas en prazo serán penalizadas con 2€.

Non se admitirán inscricións incompletas ou fóra de prazo.

A listaxe definitiva de inscritos publicarase na páxina web da FEGATRI o xoves anterior á proba (9 de decembro de 2021).

A devolución das baixas comunicadas en prazo será realizada na mesma tarxeta de abono a través de TPV na semana seguinte á proba.

No caso de inscricións incompletas (falta de documentación) rematado o prazo de inscrición, estas serán anuladas e non se farán devolucións.

CRONOMETRAXE:

A cronometraxe será manual nas probas de natación e electrónica nas probas de carreira.

SAÍDA E META DA CARREIRA A PÉ:

Zona de aparcamentos e arredores do Complexo Deportivo Carballo Calero.

RECOLLIDA DE SERIES, DORSAIS E COMUNICACIÓN DE NON PRESENTADOS:

Na secretaría de competición de 09:00 a 9:45 h o mesmo día da proba.

PREMIOS:

Medallas aos 3 primeiros clasificados individuais por categoría e sexo.

NORMAS DE COMPETICIÓN:

A carreira rexerese segundo as normativas vixentes do Regulamento Oficial de Competición da FEGATRI.

https://fegatri.org/wp-content/uploads/2021/10/proposta-nada_corre_2021.pdf

<https://fegatri.org/wp-content/uploads/2021/07/REGULAMENTO-DE-COMPETICIONS-DA-FEGATRI-TEMPADA-2021.pdf>

A seguridade na vía pública será responsabilidade do corpo da Policía Local e Protección Civil, en coordinación coa organización da proba; no obstante todo participante respectará as normas de Circulación e Seguridade Viaria.

Os vehículos motorizados, bicicletas ou patinadores que non pertencen a organización non poderán transitar polos circuitos da proba. Aqueles que realicen o seguimento das probas, levarán unha identificación visible en todo momento. O feito de recibir axuda externa distinta da que aporta a organización ou facerse acompañar por algún vehículo, bicicleta, patinador ou corredor suporá a descualificación do participante.

SERVIZOS MÉDICOS E SEGUROS DEPORTIVOS:

Os servizos médicos da organización destinados ó longo do percorrido, estarán autorizados a retirar a calquera participante por razóns médicas. Calquera vehículo de emerxencia que precise utilizar o percorrido do ciclismo para circular poderá facelo indicando a súa posición mediante sináis luminosas e sonoras. En tódolos casos o vehículo terá preferencia sobre os triatletas, os que deberán ceder o paso.

Os participantes, contarán co seguro deportivo.

<https://fegatri.org/seguro-deportivo/>

RECLAMACIÓNS E APELACIÓNS:

Segundo o procedemento de reclamación/apelación probas FEGATRI

<https://fegatri.org/wp-content/uploads/2021/05/Procedemento-de-Reclamacion-Apelacion-probas-da-FEGATRI.pdf>

CIVISMO E RESPECTO:

Os participantes aceptan cada un dos artigos deste regulamento e comprométese honestamente a non anticiparse a o momento da saída e a cubrir tódolos tramos completos antes de cruzar a liña de meta.

Así mesmo, manifestan ser respectuosos co persoal implicado na organización e co resto de participantes.

Comprométese tamén a tratar o material deportivo propio e alleo con respecto. No incumprimento dalgunha destas normas cívicas será proposto por parte da organización os xuíces e oficiais para que sexa motivo de amonestación. Incídese no respecto absoluto e a observancia das normas de circulación e de seguridade

viaria, co fin de evitar situacións perigosas que carreen danos irreparables tanto para o deportista como para terceiros.

NOTA:

A organización resérvase o dereito de modificar, comunicándoo previamente aos interesados, calquera aspecto do presente regulamento co único obxectivo de mellorar o desenvolvemento do evento.

NORMATIVA COVID COMPLEMENTARIA

En todo momento se seguirá o protocolo [Fisicovid-DXT FEGATRI](#) vixente, coas seguintes normas complementarias.

- A entrada ao recinto só estará permitida, previa identificación (Licenza, DNI, pasaporte ou outro documento oficial con foto) a participantes, técnicos, organización e oficiais con acreditación.

Todos deben entregar á súa chegada o modelo de declaración responsable e autorización no caso dos/as menores.

RECOLLIDA DE DORSAIS E ACREDITACIÓN

Os dorsais serán entregados ao/á adestrador/a responsable de cada club. Deberá de presentar as declaracións responsables dos/as deportistas para a súa acreditación e poder acceder á instalación.


NORMAS XERAIS

- Será obrigatorio o control de temperatura con termómetro ao entrar na instalación. Si se detecta temperatura superior a 37,5°C, realizarase unha segunda toma 5 minutos despois. En caso de superar a temperatura anterior non se permitirá o acceso.

As bolsas deixaranse de acordo ao protocolo COVID FEGATRI, no lugar habilitado sen contacto entre elas

MÁSCARAS.- *Os/as deportistas utilizarán as súas propias máscaras e no momento que indiquen os cronometradores/oficiais antes de entrar á auga depositaranas na súa funda hixiénica. Volverán colocalas inmediatamente ao saír da auga*

- Será obrigatorio manter a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 m en todo momento.
 - Será obrigatorio o uso de máscara en todo momento, e en todo o recinto, salvo durante a práctica deportiva.
 - * Os/as participantes só quitarán a máscara no momento xusto antes de entrar na auga, tanto no quecemento coma na competición e **gardarana na funda/bolsa persoal** que levarán a tal efecto. Ningunha máscara pode tirarse ao chan, nin se poderá entregar a outra persoa ou deixalas sen a funda hixiénica correspondente.
 - Será obrigatorio o uso de chanclas en todo momento, non se permitirá acceder á praia de piscina a ninguén que non leve chanclas.
 - Evitar lugares concorridos, grupos, saúdos ou contacto físico
 - * Unha vez finalizada a proba, ao saír da auga, os participantes deberán pose **inmediatamente** a súa máscara. Será obrigatoria a súa utilización en todo momento e durante o tempo de circulación entre espazos comúns.
 - Todos os/as técnicos, oficiais/cronometradores e demais membros da organización acreditados, deberán levar posta máscara e recoméndase bote de xel hidroalcohólico propio. En todo caso lavado/hixiene frecuente de mans.
 - O aforo do vestiario está limitado polo que o seu uso non será para outro fin que o propio, de acordo ao protocolo da instalación e durante o tempo imprescindible..
 - Os/as participantes presentaranse na cámara de saída unha serie antes da súa mantendo en todo momento a distancia de seguridade e a máscara posta.
 - A máscara deberá quitarse e poñerse mirando cara o vaso da piscina e nunca mirando cara os/as cronometradores/as.
 - Ao finalizar a proba os/as nadadores abandonarán a praia da piscina, dirixíndose directamente ao vestiario e posteriormente sairán da instalación. Manter en todo momento a distancia de seguridade.
- Os/as deportistas, en ningún caso poderán quedarse dentro unha vez finalizada a proba de natación.**
- Haberá un sentido de circulación único na praia da piscina que se indicará ao comezo da proba.



CARREIRA A PÉ

USO E RETIRADA DE MÁSCARAS

Os/as deportistas retirarán a máscara no momento que o indique o cronometrador/ oficial e levarana consigo, colocándoa de novo inmediatamente despois de cruzar a liña de meta.

Obrigatorio para deportistas manter a distancia interpersoal de 1,5m. en todo momento ou serán sancionados/as de acordo ao protocolo COVID.

PROCEDIMENTO DE SAÍDAS:

Saída escalada, cun máximo de 10 corredores saíndo cada 20" (vinte segundos) , cada un dende o seu caixón de saída, e cunha separación lateral de 1,5 metros entre corredores. (As series e horarios estableceranse unha vez pechada a inscrición)

Dez minutos antes do comezo da saída, os/as deportistas iranse ordenando por dorsal na cámara de chamadas, mantendo sempre a distancia de seguridade, e irán avanzando cara os caixóns de pre-saída segundo o vaian indicando os/as cronometradores e persoal de organización. Ao entrar no caixón de pre-saída, cando o/a cronometrador/a o indique, os/as deportistas poderán quitar a máscara.

CHEGADA Á META

Unha vez que os/as deportistas pasen a liña de meta, dirixiranse, sen pararse, á zona próxima de pos-meta, onde deberán colocar a máscara, e pasarán a avituallarse e saír da zona de pos-meta

Todo o procedemento farase nun único sentido de circulación, e mantendo sempre a distancia de seguridade co resto de deportistas e persoal da proba.

PARTICIPANTES

GRUPO 4:	Coruña, Carballo
<i>Clubs</i>	<i>Licenzas</i>
A.D. Fogar	60
A.D. Triatlón Oleiros	31
A.D. Media Ducia	1
C. Hércules Termaria	52
C.N. Liceo	2
Independiente	1
C.T. Coruña	4
T. Arteixo	16
Total:	167

